

de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e tres de novembro de dous mil seis,

**DISPOÑO:**

Artigo único.-De conformidade co disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, declárase a urxente ocupación, para efectos de expropiación forzosa, pola Deputación Provincial da Coruña, dos bens e dereitos concretados no expediente administrativo instruído para o efecto e necesarios para a execución das obras do proxecto de ampliación e mellora do trazado na estrada provincial 1703 de Espírito Santo a Fraís, do punto quilométrico 1,440 ao 2,440, debendo, de ser o caso, unha vez ocupados os terreos necesarios, obter as autorizacións que foran necesarias dos organismos competentes, con carácter previo ao inicio das obras.

Santiago de Compostela, vinte e tres de novembro de dous mil seis.

Emilio Pérez Touriño  
Presidente

José Luis Méndez Romeu  
Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

*Decreto 227/2006, do 7 de decembro, de medidas urxentes para a reparación dos danos causados polas inundacións acaecidas no mes de novembro en Galicia.*

Téndose producido no mes de novembro do ano en curso novas inundacións que seguen a asolar o territorio da nosa comunidade autónoma, o Goberno galego, ponderando a magnitude dos feitos e as súas consecuencias, tendo en conta o principio constitucional de solidariedade e considerando as medidas adoptadas en situacións precedentes, procede á adopción de novas medidas e axudas para reparar e paliar, na medida do posible, os danos sufridos.

Na súa virtude, por proposta dos conselleiros de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Economía e Facenda, Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, Innovación e Industria, Medio Rural, Pesca e Asuntos Marítimos, Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, e Vivenda e Solo e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día sete de decembro de dous mil seis,

**DISPOÑO:**

Artigo 1º.-Ámbito de aplicación.

As axudas previstas neste decreto aplicaranse á reparación dos danos causados polas inundacións acaecidas no mes de novembro no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos que se conteñen neste decreto e polas contías que nel e nas

correspondentes ordes de convocatoria que o apliquen se establezan.

Os termos municipais e núcleos de poboación afectados aos que concretamente lles sexan de aplicación as ditas axudas fixaranse nas citadas ordes.

Artigo 2º.-Natureza das axudas.

1. A concesión destas axudas terá carácter subsidiario respecto de calquera outro sistema de cobertura de danos, público ou privado, nacional ou internacional, do que poidan ser beneficiarios os afectados, agás no caso de axudas para falecemento ou incapacidade en que terán carácter concorrente.

2. Non obstante, cando os mencionados sistemas non cubran a totalidade dos danos producidos, as axudas previstas neste decreto concederanse con carácter complementario e serán compatibles en concurrencia con outras subvencións, indemnizacións, axudas, ingresos ou recursos, procedentes de sistemas públicos ou privados, nacionais ou internacionais, ata o límite do valor do dano producido.

Artigo 3º.-Réxime xurídico.

1. O procedemento de concesión rexerá polo establecido no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobada polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e polo establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento de desenvolvemento, ambos nos seus preceptos básicos.

2. As axudas poderán outorgarse en réxime de concesión directa por mor do interese público, social, económico e humanitario derivado das excepcións circunstancias que concorren neste caso.

Artigo 4º.-Réxime de contratación.

1. Para os efectos previstos no artigo 72 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, terán a consideración de obras, servizos, adquisicións ou subministracións de emerxencia os de reparación ou mantemento do servizo de infraestruturas ou equipamentos, as obras de reposición de bens prexudicados polas inundacións, así como os gastos derivados de prestacións de servizos de emerxencia calquera que sexa a súa contía.

2. Para estes mesmos efectos inclúense entre as infraestruturas, en todo caso, as hidráulicas, as actuacións en canles, as de transportes, as eléctricas e as estradas.

3. Declararase urxente a ocupación dos bens afectados polas expropiacións derivadas da realización das obras a que se refire este artigo, para os efectos establecidos no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

**Artigo 5º.-Axudas por danos persoais.**

As axudas por danos persoais concederanse por falecemento, por incapacidade absoluta permanente e por lesións que causasen a hospitalización da persoa ferida cando o feito causante teña a súa orixe nos acontecementos obxecto de regulación neste decreto.

O importe desta axuda será para o caso de falecemento e incapacidade permanente absoluta de 18.000 € e de entre 60 e 103 € por día de hospitalización, sen que en ningún caso poidan superarse as contías que resultan de aplicar o sistema para a valoración dos danos e perdas causados ás persoas en accidentes de circulación, recollido no texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2004, do 29 de outubro.

**Artigo 6º.-Axudas por danos causados en vivendas e enxoval doméstico.**

1. Serán obxecto de axuda os danos causados na vivenda que constituía a residencia permanente e habitual dos seus moradores, na parte non comprendida nas axudas que puidesen aprobar outras administracións públicas e polo importe correspondente ata poder cubrir o 100% do valor de reparación ou reposición do inmovible danado, sen que en ningún caso o importe da dita axuda poida superar o límite do 100% do prezo de venda dunha vivenda de promoción autonómica de prezo xeral na mesma localidade.

2. Serán obxecto de axuda os danos causados no resto das vivendas, ata poder acadar o 40% do valor de reparación ou reposición do inmovible danado, sen que en ningún caso o importe da dita axuda poida superar o 40% do prezo de venda dunha vivenda de protección autonómica na mesma localidade. As vivendas deberán dedicarse, polo menos, a vivenda ocasional, quedando excluídas destas axudas as edificacións ruinosas e as que se atopen en manifesto abandono.

3. Para os efectos deste artigo entenderanse por vivenda as construcións anexas e instalacións complementarias e elementos comúns no caso de comunidades de propietarios.

4. Serán igualmente obxecto de axudas os danos sufridos no enxoval doméstico de primeira necesidade, cando non estivesen incluídos nas axudas que para o mesmo efecto puidesen aprobar outras administracións. O importe da axuda será de ata o 100% ou de ata o 40% dos gastos de reparación ou reposición dependendo de que o enxoval sexa o da vivenda habitual e permanente ou o da vivenda ocasional, respectivamente.

5. Os beneficiarios destas axudas serán os propietarios, usufrutuarios ou arrendatarios dos bens referidos que sufragasen os gastos necesarios de reparación ou reposición.

**Artigo 7º.-Axudas por danos nas explotacións agrícolas, gandeiras ou marisqueiras.**

Serán obxecto de axudas os danos causados polas inundacións nas explotacións agrícolas, gandeiras ou marisqueiras que non fosen cubertas polas medidas que puidesen adoptar outras administracións ou por calquera fórmula de aseguramento, público ou privado.

**Artigo 8º.-Axudas para compensar os danos sufridos en establecementos comerciais, mercantís, industriais e turísticos.**

Serán obxecto de axuda os danos directos provocados nos establecementos comerciais, mercantís, industriais ou turísticos como consecuencia das inundacións, nas súas edificacións, instalacións, maquinaria e nas mercadorías neles depositadas, así como nos vehículos comerciais ou industriais afectos a estas actividades.

**Artigo 9.-Axudas ás entidades locais.**

Serán obxecto de axudas ou de actuación directa sobre os bens afectados, segundo os casos, os danos provocados en infraestruturas locais non previstos nas axudas que para o efecto puidesen aprobar outras administracións, así como os gastos extraordinarios en que incorresen como consecuencia directa das inundacións.

**Artigo 10º.-Convenios con outras administracións públicas.**

1. A Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia poderá subscribir co resto das administracións públicas os convenios de colaboración que exixa a aplicación deste decreto.

2. Nos ditos convenios deberá fixarse a forma en que se librarán os fondos ás corporacións locais para proceder á reparación dos danos causados nas infraestruturas públicas e no restablecemento dos servizos públicos.

**Artigo 11º.-Financiamento.**

As axudas públicas reguladas neste decreto financiaranse con cargo aos orzamentos das respectivas consellerías afectadas. Para estes efectos, realizaranse, de ser o caso, as modificacións de crédito que sexan necesarias. En todo momento a concesión das axudas previstas estará suxeita á existencia de crédito orzamentario axeitado e suficiente.

***Disposición adicional***

As consellerías ás que se refire a disposición derradeira primeira deste decreto, no caso de producirse no ano en curso novas inundacións que pola súa natureza catastrófica alteren substancialmente as condicións de vida da colectividade a que afectan e produzan graves danos que afecten unha pluralidade de persoas e bens, quedarán facultadas para a adopción das medidas nel previstas.

***Disposicións derradeiras***

Primeira.-Para a adopción das medidas necesarias para a aplicación do presente decreto, incluíndo a

convocatoria e o outorgamento das axudas nel previstas, entenderanse competentes as seguintes consellerías:

-Axudas por danos persoais, a Consellería de Economía e Facenda.

-Axudas por danos causados en vivendas e enxoval doméstico, a Consellería de Vivenda e Solo.

-Axudas por danos nas explotacións agrícolas e gandeiras, a Consellería do Medio Rural.

-Axudas para compensar os danos sufridos en establecementos comerciais, mercantís, industriais e turísticos, a Consellería de Innovación e Industria.

-Axudas ás entidades locais ou actuacións directas sobre os seus bens, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, a Consellería de Innovación e Industria e a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible no ámbito das súas respectivas competencias e funcións.

-Axudas por danos nas explotacións marisqueiras, a Consellería de Pesca e Asunto Marítimos.

Segunda.-Facúltase o conselleiro de Economía e Facenda para adoptar as medidas financeiras e orzamentarias consecuentes para facer fronte ás situacións de carácter extraordinario, derivadas das inundacións acaecidas no ano 2006 en Galicia, que se adopten pola Xunta de Galicia para a reparación dos danos causados e, en concreto, as transferencias que resulte preciso realizar ao programa de imprevistos e funcións non clasificadas, habilitando os créditos que sexan necesarios para a súa posterior reasignación ás finalidades mencionadas.

Terceira.-Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, sete de decembro de dous mil seis.

Emilio Pérez Touriño  
Presidente

José Luis Méndez Romeu  
Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 30 de novembro de 2006 pola que se resolve a convocatoria de bolsas de nova adxudicación para a realización de estudos de terceiro ciclo nas universidades do sistema universitario de Galicia.*

Pola Orde do 1 de agosto de 2006 (DOG do 9 de agosto) convócanse bolsas de nova adxudicación

para a realización de estudos de terceiro ciclo nas universidades do sistema universitario de Galicia.

Na súa virtude, de acordo co establecido nas bases da convocatoria, e atendendo ao informe-proposta elevado pola comisión avaliadora a través do director xeral de Ordenación e Calidade do sistema universitario de Galicia, esta consellería

### RESOLVE:

Primeiro.-Seleccionar nas distintas áreas de coñecemento os 130 bolseiros que figuran no anexo I coa seguinte distribución:

a) 40 bolseiros para estudos de ciencias experimentais con nota media ponderada igual ou superior a 1,5219.

b) 9 bolseiros para estudos de ciencias da saúde con nota media ponderada igual ou superior a 1,3247.

c) 31 bolseiros para estudos de ciencias sociais e xurídicas con nota media ponderada igual ou superior a 1,4200.

d) 15 bolseiros para estudos de ensinanzas técnicas con nota media ponderada igual ou superior a 1,5682.

e) 35 bolseiros para estudos de humanidades con nota media ponderada igual ou superior a 1,6248.

Segundo.-No anexo II establécese unha relación de bolseiros suplentes por orde de prelación nas áreas de ciencias experimentais, ciencias da saúde, ciencias sociais e xurídicas, ensinanzas técnicas e de humanidades para cubrir renuncias, exclusivamente, de bolseiros destas áreas. Nas áreas onde non teñan suplentes abondos, as renuncias que se presenten serán cubertas por bolseiros suplentes de estudos de ciencias experimentais.

Terceiro.-De acordo do artigo 10 da orde de convocatoria, as solicitudes non incluídas na resolución de concesión entenderanse desestimadas e publicaranse na páxina web da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, <http://www.edu.xunta.es> e no taboleiro de anuncios da citada consellería, coa indicación expresa dos motivos de exclusión, de conformidade co artigo 54 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os/as solicitantes excluídos/as poderán recuperar a documentación presentada no prazo de dous meses a partir da publicación da concesión das bolsas no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto.-A aceptación da bolsa farase mediante a presentación dos documentos sinalados no artigo 12 da orde de convocatoria. Os documentos deberán presentarse na dirección xeral de Ordenación e Calidade do sistema universitario de Galicia no prazo